

Por favor

Xosé Manuel Lago Louro

Avogado, col. 2106 ICA Santiago



Sendo fillo do mar e da terra como o son, sendo fillo de mariñeiro e labrega, é normal que o idioma galego forme parte do meu ADN dado que, ese ámbito, mariñeiro e rural, é o ámbito no que o meu idioma estivo recluído por imperativo incluso legal, por moitos



anos e incluso séculos, moi escuros todos eles. Nese ámbito, o falar galego é algo natural (ou cando menos érao) e non existía rareza ningunha porque alguén falase galego.

Grazas ao sistema público educativo, accedín á Universidade de Santiago de Compostela e rematei a licenciatura de Dereito. Xa non me atopaba nese ámbito rural e mariñeiro no que o galego imperaba, senón nun ámbito universitario no que o castelán se impuña.

Comezado o meu exercicio profesional no eido da avogacía, seguí empregando o meu idioma materno e propio, e nunca atopei ningún obstáculo en facelo, máis aló, evidentemente, da falta de ferramentas xurídicas que faciliten o traballo a aquelas persoas que empregamos o idioma galego no noso exercicio profesional, pero iso solucionámolo os que somos activistas na defensa do noso idioma, con convicción e máis horas de traballo, que asumimos, cando menos eu, gustosamente.

Aconteceu así e todo un día, que ao inicio dunha vista, a letrada da parte contraria, de Madrid, solicitoulle ao xuíz que me requirise para que, con base no seu dereito de defensa, empregase o castelán, dado que ela descoñecía o idioma galego. Todo iso solicitouno a compañeira cando eu aínda non emitira a primeira palabra,

polo que non podería saber se eu empregaba o galego ou o castelán. Entendín naquel momento que o requirimento formulouno porque a miña contestación á demanda estaba, como non, redactada en galego. O xuíz, coñecedor do Dereito, manifestoulle á letrada que non podería levar a cabo tal requirimento dado que o letrado,

referíndose a min, tiña o dereito a expresarse ou ben en galego ou ben en castelán. Así o recoñece o artigo 142.3 da Lei de axuizamento civil, segundo o cal: *«As partes, os seus procuradores e avogados, así como as testemuñas e peritos, poderán empregar a lingua que sexa tamén oficial na Comunidade Autónoma en cuxo territorio teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais coma escritas.»* Aquela petición formulada pola compañeira sorprendeume moito, non polo seu contido, que incluso me pareceu lóxico, senón pola forma en que a formulou. Se ela, coa contestación á demanda, viu que esta estaba redactada en





galego e polo tanto concluíu de xeito lóxico que eu empregaría o idioma galego, non entendo como non me pediu persoalmente o favor de empregar o castelán, incluso antes da vista, e, non obstante, viu como algo lóxico ou normal solicitar o amparo xudicial para formular tal requirimento.

O relatado conecta co que expuxen ao comezo deste artigo. O emprego do idioma galego, aínda hoxe, vese como algo natural nos ámbitos do mar e da terra, e vese como algo anecdótico (xa o foi máis desde logo), nos ámbitos máis cultos. Concluíu a compañeira letrada de Madrid que se este letrado que lles escribe redacta a súa contestación á demanda en galego, e non atopándonos no ámbito rural e polo tanto propio do galego, estaría perante un activista defensor do idioma galego que non se expresaría en castelán. Non errou desde logo a compañeira se me considerou activista defensor do noso idioma, no que si errou foi no feito de considerar á persoa que emprega o idioma galego fóra do ámbito que lle sería propio, como unha persoa coa que non poder falar e sentir a necesidade de solicitar o amparo xudicial para tratar de obrigar a un compañeiro a empregar un idioma distinto do propio.

Aconteceu tamén, que cando a miña parella aprobou unha oposición para o acceso a un posto na Administración Xeral do Estado, tivo que facer, xunto con outras compañeiras galegas, un curso duns meses de duración en Barcelona. Durante ese curso ofrecíase aos e ás participantes a posibilidade de participar nun seminario de coñecemento do idioma catalán. Todas as persoas galegas accederon e participaron no seminario de coñecemento do idioma catalán.


Rexeitaron participar no antedito seminario as persoas pertencentes a territorio estatal onde só existe como idioma oficial o castelán. «Yo no tengo la obligación de aprender catalán». Este foi o argumento dado para non participar no curso de formación e coñecemento do idioma catalán.

Puido acontecer, anos despois, que algunha das compañeiras da miña parella que rexeitaron participar no curso de coñecemento do idioma catalán, fose a mesma persoa que tratou de obrigarme a empregar o idioma castelán solicitando o amparo xudicial. E se así fose, debería eu acceder ao requirimento de empregar o castelán? Desde logo, non o consideraría nada útil para a letrada adversa, nin para a súa formación cultural nin académica e moito menos persoal, dado que dese xeito estaría contribuíndo este letrado que lles escribe a afondar aínda máis na eiva persoal e cultural da letrada, así como na visión deturpada que esta tiña e seguro que mantén, dos letrados e letradas que no noso exercicio profesional empregamos a nosa lingua materna e o idioma que nos é propio.

Aconteceu que naquela vista, e tras un debate moral interno moi curto pero intenso e lonxe do que é propio en min, decidín ser mala persoa, e moi ao meu pesar, decidín non contribuír a sandar a eiva cultural, académica e sobre todo humana da compañeira letrada, e acabei empregando o idioma castelán. Iso si, tras solicitar a pertinente venia á súa Señoría para intervir, manifesteille, non ao xuíz, senón directamente á compañeira, que empregaría o idioma castelán se mo solicitaba directamente, sen solicitar amparo xudicial e como condición *sine qua non*, empregando a expresión «por favor». Así o fixo.



XVIII Xornada Xustiza e Lingua do Colexio da Avogacía



Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela (ICAS), coa colaboración da Secretaría Xeral da Lingua (SXL), organizou a décimo oitava edición desta xornada, que un ano máis procurou ofrecer unha análise da situación do galego na xustiza dende distintas ópticas que operan ou teñen relación con este ámbito.

Nesta ocasión, participaron Isabel Suárez (maxistrada do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 1 de Santiago), co relatorio “Lingua e xudicatura”; Eduardo Porta (avogado, col. 2007 do ICAS), que abordou “A lingua galega na Administración de xustiza”; e Diana Santiago (profesora titular de Dereito Administrativo da USC), que nos falou de “Lex.gal: unha ferramenta para a consulta do dereito galego consolidado”.

Con carácter previo, na presentación da xornada interviñeron o decano do colexio, Francisco Rabuñal, o secretario xeral da Lingua, Valentín García, o presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo, e o concelleiro de Economía, Manuel César, en representación do Concello de Santiago.



Moito ollo coa cláusula chan do contrato hipotecario

Toma nota!

O **Tergal** (Banco de termos galegos recomendados para diversos conceptos das linguas de especialidade) valida o termo **cláusula chan** coa definición “Disposición dun contrato hipotecario pola que se establece un límite mínimo á variación do tipo de xuro que o titular está obrigado a aboar aínda que baixe o índice de referencia”.

Artigo 2.3 do Real decreto lei 1/2017, do 20 de xaneiro, de medidas urxentes de protección de consumidores en materia de cláusulas chan:

«Entenderase por **cláusula chan** calquera estipulación incluída nun contrato de préstamo ou crédito garantidos con hipoteca inmobiliaria a tipo variable, ou para o tramo variable doutro tipo de préstamo, que limite á baixa a variabilidade do tipo de xuro do contrato.»

(BOE, suplemento en lingua galega ao núm. 18, do 21.01.2017:
https://boe.es/boe_gallego/dias/2017/01/21/pdfs/BOE-A-2017-653-G.pdf)